



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ENTIDADE ZIPANGO 92 S.A. RELATIVO AO ENCONTRO RUTA QUETZAL GALICIA 2017.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **Dª María Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos e 19 dos citados estatutos.

De outra parte, **D. Íñigo de la Quadra-Salcedo Asumendi**, en nome e representación da entidade Zipango 92 S.A, con CIF A79057550 e domicilio na rúa Sauce 1, Urb. Prado Largo, Pozuelo de Alarcón, Madrid.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. No ano 1979 creouse polo periodista Miguel de la Quadra-Salcedo un programa "Ruta Quetzal" co obxectivo de consolidar entre a xuventude de 16 e 17 anos os cimentos da Comunidade Iberoamericana de Nacións entre todos os países de fala hispana, incluídos Brasil e Portugal.

A Ruta Quetzal é mais que unha viaxe, é unha expedición "iniciática", "ilustrada" e "científica" na que, durante cerca de mes e medio, se mesturan a educación en valores, a cultura e a aventura.



Nos seus trinta e unha edicións, a expedición percorreu América e Europa seguindo sempre as pegadas de personaxes cruciais na historia da Comunidade Iberoamericana, dando especial importancia ás culturas precolombinas e ás épocas da independencia dos países iberoamericanos, sen esquecer as tres culturas que España pasou a América: a islámica, a xudía e a cristiá.

A través dun rigoroso proceso de selección, os expedicionarios son elixidos entre os mellores estudantes de cada país. En España, os participantes deben realizar un traballo seguindo os requisitos recolleitos nas Bases de Participación do Concurso que se presentan anualmente. No resto de países, son as Embaixadas españolas, a través das súas Consellerías Culturais e de Educación, as que, en colaboración cos Ministerios de Educación de cada país, desenvolven as actuacións correspondentes na xestión e elección dos seleccionados en coordinación coa Organización do programa.

Desta forma, máis de 10.000 mozos procedentes de preto de 60 países de Europa, América e outros intimamente relacionados coa historia de España como Marrocos, Guinea Ecuatorial ou Filipinas, tiveron a oportunidade de viaxar e descubrir as dimensións humanas, xeográficas e históricas doutras culturas tan diferentes ás súas como poidan ser as vellas civilizacións mediterráneas ou as culturas precolombinas, moi distantes no espazo e na concepción da vida, pero ao mesmo tempo fusionadas nunha frutífera mestizaxe que aínda hoxe conforma decisivamente o noso mundo.

Pero sobre todo Ruta Quetzal é unha experiencia formativa única que marca un “antes” e un “despois” na vida dos 250 mozos que cada ano participan nela, e que non só serve para ampliar os seus coñecementos a través das máis diversas disciplinas académicas, senón que tamén é un valioso instrumento para sensibilizar á mocidade na protección do medio ambiente e o desenvolvemento do espírito de cooperación internacional, animándolles a observar con atención os países que se visitan, co fin de crear unha nova e máis real escala de valores, que vai máis aló da riqueza e a pobreza.

II. No ano 2001 comenouse a realización dunha serie de encontros entre xoves participantes en todas as expedicións do programa Ruta Quetzal, así como das expedicións realizadas con anterioridade a 1993, cando o programa se chama Aventura 92. Ditros encontros se veñen celebrando cada dous anos en diferentes comunidades e provincias españolas: Com. Valenciana (en 2001 con 1.000 participantes), Toledo (en 2003 con 700 participantes), Navarra (2005, 500 participantes), Cantabria (2007, 500 participantes), Huelva (2009, 200 participantes) e Madrid (2011, 400 participantes), e en eles, os gobernos de ditas comunidades autónomas que colaboraban no encontro aproveitaban a cita para dar

a coñecer a historia e os atractivos turísticos das súas cidades e conmemorar, en algúns casos, aniversarios de acontecementos culturais importantes (El Quijote, San Francisco Javier, Liébana...). Ademais, supoñían emotivos reencontros dos ruter os cos seus compañeiros de aventuras.

Neste ano 2017, organizarase un novo encontro de ruter os “Homenaxe a Miguel de la Quadra-Salcedo” en Galicia. Sería un encontro moi especial ao ser o priemiro tras a morte de Miguel de la Quadra-Salcedo, nunha data moi significativa para o programa, 12 de outubro.

Durante os días nos que se desenvolverá o encontro, os participantes poderán coñecer algúns dos enclaves máis significativos de Galicia, de xeito que tamén se promova a imaxe como destino turístico e potenciando e promocionando o seu grande interese histórico e cultural, así como os seus atractivos como espazo natural.

II. Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

III. Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



IV. A entidade Zipango 92 S.A., como única titular da marca Ruta Quetzal, e polo tanto a única entidade que pode realizar o Encontro Ruta Quetzal Galicia 2017 é a única coa que poder subscribir este convenio de colaboración.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a entidade Zipango 92, S.A. para o desenvolvemento do Encontro Ruta Quetzal Galicia 2017.





O Encontro de 2017 realizarase como Homenaxe a Miguel de la Quadra-Salcedo, e farase en Galicia, desde o 12 ao 15 de outubro, e permitirá que os participantes coñezan algúns dos enclaves máis significativos de Galicia, promovendo a súa imaxe como destino turístico e potenciando e promocionando o seu gran interese histórico e cultural, así como os seus atractivos como espazo natural.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a setenta e un mil cento quince euros (71.115€) (IVE incluído).

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de sesenta mil euros (60.000€) (IVE incluído), que se destinará á cobertura dos gastos de aloxamentos, comida, traslados e transporte, monitores, equipamento, publicidade e entrada nos lugares de interese.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0 "Promoción e difusión do turismo" dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017, a favor de Zipango 92 S.A. unha vez que esta entidade achegue as correspondentes facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pago así como unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio e as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Terceira. Compromisos das partes

Zipango 92 S.A. queda obrigada á celebración das actuacións establecidas na cláusula primeira e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente.

Comprometéndose a:

- Entregar á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
- Realizar as actividades previstas neste convenio.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír. Así mesmo, constará esta cooperación en todas as actuacións que se desenvolvan no marco do convenio.



- Promocionar a “Marca Turística de Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turismo.gal/marca01 os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.

Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuación previstas neste convenio de colaboración será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.


Sétima.- Réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo o Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que os exclúe expresamente no apartado d) do parágrafo primeiro do artigo 4, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.





Oitava.- Xustificación e pagamento

1.- A achega da Axencia Turismo de Galicia é de 60.000 (IVE incluído), será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que se deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento, por importe de 60.000€.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2.- O prazo para xustificar por parte de Zipango S.A. 92 é o 30 de novembro de 2017.

Novena.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividade acordadas.

Décima.- Publicidade do convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Décimo primeira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo segunda.-Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

A directora de Turismo de Galicia

Mª Nava Castro Domínguez

Por Zipango 92 S.A.

Íñigo de la Quadra-Salcedo Asumendi